





VIGO - EXILIO - VIGO

XOSÉ MARÍA BLÁZQUEZ

Ó rematar a carreira de maxisterio obtén o primeiro destino como mestre provisional na Guarda en 1935.




Durante a súa estancia en Coreseas compón obrá en castelán: un poemario (*Sonetos del alba insonne*) e unha novela (*El crimen de la isla verde*)



En 1936 conseguiu o seu destino definitivo na escola de Coia (Vigo) pero "por galeguista" foi sancionado no mes de decembro de 1936 con suspensión de emprego e soldo e expulsado da súa escola de Coia para a da poboación zamorana de Coreseas, que abandona axiña ó ter que cumplir o servizo militar. Regresa ali en 1938 onde imparte docencia ata 1942, momento en que lle conceden a excedencia voluntaria e volve a Vigo.

A partir de 1950 vai ser a súa etapa máis prolífica: escribe poesía e novela e colabora en xornais, investiga na literatura medieval, en arqueoloxía, historia...



Cando volve a Vigo en 1942 monta unha fábrica de ladrillos e tellas cos irmáns, pero péchana ó pouco tempo.

Logo traballa de secretario da Confraría de Pescadores "San Francisco" do Berbés.

Vai fundar e dirixir as editoriais Monterrey e Castrelos (vid. cartel 10)

En 1966 vive en Oviedo un ano como delegado de vendas en Asturias de Pescanova
En 1969 volverá ó ensino como profesor de Humanidades no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo.

1978, cando se constitúe de novo o Partido Galeguista, é nomeado Conselleiro Político. Formou parte en 1983 da candidatura ás eleccións municipais para o concello de Vigo.